



Museo
do Pobo
Galego



Instituto de
Estudos das
Identidades

A Estrada, I, 1, Callobre, Marzal 1979

CD 224, 1

Manuel 85 años
 Carmen 72 "
 Mercedes 79 "

①

- R. I -

- I,1,10. -R.I- 1) Tóñico tiña unha filla
 que se chamaba Leonor
 un día estaba sentada
 cosendo no corredor.
13. 2) O corredor xa de vello
 tiña abertura no piso
 si de abaixo se miraba
 víasello o paraíso.
16. 3) Mais o tuno de Pepiño
 cando veu a Leonor,
 foise feito unha centella
 por baixo do corredor.
19. 4) Mais ó mirar hacia arriba
 cos colliños contemplaba
 as perniñas da rapaza
 nunha mesiña sentada.
22. 5) "Tapas esas pernas Leonor
 que si non me engaño vexo
 por encima desa mesa
 as orellas dun conexo".
25. 6) A rapaziña asustada
 quixose tapar deseguida,
 pegou un salto pa atrás
 foise de patas arriba.
28. 7) "Válghate o demo Pepiño,
 !quén che botara na cara,
 un bo chorro de auga quente
 pra que a vista che cansara!".
31. 8) Pepiño sin mirar máis
 subeuse pola escaleira
 todo mortiño de risa
 foi pa xunto a costureira.
34. 9) "Non te enfades Leonor
 porque as pernas che mirei
 xa vexo que as tes gordiñas
 contigo me casarei".

(1) III 93
 IV 54

A Estrada, I, 1, Calobre, Marzal 1979

CD 224, 1

Manuel	85	años
Carmen	72	"
Mercedes	79	"

- R. I -

- I,1,37. -R.I- 10) "Pois en cando esté solteira
 ben seguro podes ter
 que as orellas á conexo
 non llas volverás a ver".
40. 11) "Non faghás eso muller
 non seas corazón duro
 anque' out'ro día non queiras
 hoxe sácame dest' apuro".
43. 12) "Por verme as pernas Pepiño
 deiche dolor de barrigha
 inda queira Dios que morras
 por mirar tanto ~~pa arriba~~". *pa riba*
46. 13) "Por se-la primeira vez
 muller debes perdonarme
 dáme' un bico e un abrazo
 que non llo hei decir a nadie".
49. 14) "Xa me parece Pepiño
 que' estás un pouco chiflado
 si che dera' ò que me pides
 quedábaste desmaiado".
52. 15) Ademais ~~dixo~~ ^{diz'} o refrán *diz'*
 que os bicos non son nenos
 e con bicos e abrazos
~~féche~~ o modo de facelos".
55. 16) "Non fagas caso ó refrán
 anque' esto pudiera ser,
 heime de casar contigo
 antes de dálo a saber.
58. 17) "Pois o día que nos casemos,
 cariña de serafín,
 heiche de da-lo permiso
 pra que t'acheghes a min".
61. 18) "Déixame a chegar agora
 prenda do meu corazón
 que si non morro de pena,
 e ti non tendrás perdón".



A Estrada, I, 1, Callobre, Marzal 1979

CD 224, 1

Manuel 85 años
Carmen 72 "
Mercedes 79 "

- R. I -

- I, 1,64.- RI - 19) "Pois, aunque morras Pepiño
ben seguro podes estar
hasta o día que nos casemos
a min non te has de chegar".
70. 20) Pepiño marchou dicindo:
"Esme de ben mala leche *eres*
des anos de relación
nunca favor me fixeche".
73. 21) Pepiño sempre anduvera
solo por pasa-lo tempo
hasta que lle veu as pernas
non tratou o casamento.
76. 22) Foi desde aquel día
cando entrou en calor
po-lo mes de carnaval
casouse con Leonor.
79. 23) Foi aquel día da boda
un gran día de placer
os dous casados de novo
deitáronse ó endurecer.
82. 24) Ó empezar ca faena
dixó a rapaza asustada:
"Non brinques tanto Pepiño
que vamos rompe-la cama"
85. 25) "Non te asustes Leonor"
88. 26) Alá por-la media noite
Pepiño estaba cansado
quixo empezar a brincar
pero non deu terminado.
92. 27) "Vaia por Dios, dixo ela,
xa non te manexas ben,
cando hoxe fas así
¿que farás pró mes que vén?".



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

A Estrada, I, 1, Callobre, Marzal 1979

CD 224, 1-2

Manuel	85	años
Carmen	72	"
Mercedes	79	"

- R. I -

I,1,98. -R.I- 28) Vaia por Dios, dixo ela,
xa non sailes do pantano
cando hoxe estás así
que farás d' hoxe nun ano".